

BRIEFING

CURSOS RESIDENCIAIS DE INMERSIÓN EN INGLÉS NOS PEARES,
CONVOCADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

Do 24 ao 30 de novembro de 2013

Vaughan Intensivos Residenciales

Ensino non reglado e que non conduce á obtención dun título oficial. Os profesores de Vaughan están cualificados profesionalmente para desenvolver a súa labor docente e formados na metodoloxía desenvolvida e aplicada por Vaughan.

ÍNDICE

- 1.) OBXECTIVOS E PROGRAMA XERAL
- 2.) MENÚ
- 3.) HORARIO TIPO E ACTIVIDADES
- 4.) ROUPA RECOMENDADA
- 5.) INSTALACIÓNS
- 6.) HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA
- 7.) INFORMACIÓN ADICIONAL
- 8.) SEGURO E SERVIZO MÉDICO

1.)OBJECTIVOS E PROGRAMA XERAL

Programa de inmersión en inglés para estudantes de 6º de Primaria e da ESO. O programa está deseñado tendo en mente a aqueles e aquelas estudantes que posúen un coñecemento de inglés e que necesitan perfeccionar tanto a fluidez verbal como a comprensión auditiva.

Este programa non é un campamento senón que ten unha formulación máis adulta e na liña dos programas que Vaughan ofrece para as empresas e as universidades: grupos reducidos e organizados de acordo ao nivel dos e as participantes.

Os obxectivos xerais son consolidar as estruturas gramaticais básicas, intermedias e avanzadas, mellorar a axilidade verbal ao mesmo tempo que se reforzan as estruturas gramaticais, adquirir un corpus de vocabulario xeral e dominar o vocabulario temático en situacións específicas, incrementar a confianza dos alumnos e alumnas ante situacións orais imprevistas e desenvolver a capacidade de comprensión auditiva e comunicación oral dos e das participantes.

Trátase dun curso residencial de lingua inglesa, non se trata dun campamento de verán. Os alumnos e as alumnas participantes recibirán cinco horas de clase de luns a venres e realizarán actividades nas que farán uso do inglés en situacións comunicativas reais, todo nun ambiente angloparlante, polo que non se desenvolverán actividades lúdicas ou recreativas.

Ensino non reglado e que non conduce á obtención dun título oficial. Os profesores de Vaughan están cualificados profesionalmente para desenvolver a súa labor docente e formados na metodoloxía desenvolvida e aplicada por Vaughan.

2.) MENÚ

Produtos frescos e de 1ª calidade elaborados a diario.

Os alumnos e as alumnas participantes no curso reciben un menú completo e variado tanto no almorzo como no xantar, na merenda e na cea. Dispoñemos de menús especiais para aqueles nenos e nenas que o necesiten (diabéticos, celíacos, vexetarianos, alerxias alimentarias...)

	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
D		Zume natural Leite con cacao Tostas con queixo fresco e marmelada	Pera Leite con cacao Galletas	Mazá Leite con cacao Torrada de pan de molde con manteiga e marmelada	Laranxa Leite con cacao Cereais	Kiwi Leite con cacao Torrada de pan integral con queixo fresco e mel	Zume natural Leite con cacao Galletas
Merenda		Froita	Iogur	Zume	Froita	Iogur	
C		Crema de cabazo Luras con arroz Froita ou iogur	Minestra de verduras Tenreira asada con patacas panadeira Froita ou natilla	Feixóns verdes con xamón Albóndegas en mollo con puré de pataca Froita ou iogur	Arroz con verduras Polo asado con gornición Froita ou iogur	Coliflor gratinada Fideuá á mariñeira Froita ou iogur	
M		Bocadillo de chourizo	Bocadillo de Nocilla	Bocadillo	Bocadillo de queixo	Bocadillo de xamón	
C	Ensalada mixta Revolto de cogomelos con xamón Froita ou iogur	Salpicón Croquetas de atún con ensalada verde Froita ou iogur	Canelóns de acelgas e champiñóns Tortilla de xamón con ensalada de tomate Froita ou iogur	Crema de cenoria Tortilla de pataca con ensalada Froita ou iogur	Chícharos con xamón Peixe á romana con patacas Froita ou iogur	Ensalada rusa Pavo guisado con gornición Froita ou iogur	

*** O menú pode sufrir modificacións

ino non reglado e que non conduce á obtención dun título oficial. Os profesores de Vaughan están cualificados profesionalmente para desenvolver a súa labor docente e formados na metodoloxía desenvolvida e aplicada por Vaughan.

3.) HORARIO TIPO E ACTIVIDADES

	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	
09:00 - 10:00		Almorzo	Almorzo	Almorzo	Almorzo	Almorzo	Almorzo	
10:00 - 11:30		Clase (1,5 h)	Clase (1,5 h)	Clase (1,5 h)	Clase (1,5 h)	Clase (1,5 h)	Avaliación profesor	
11:30 - 12:00		Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Graduación	
12:00 - 13:30		Clase (1,5 h)	Clase (1,5 h)	Clase (1,5 h)	Clase (1,5 h)	Clase (1,5 h)	Recollida e saída	
13:30 - 14:30		Xantar	Xantar	Xantar	Xantar	Xantar		
14:30 - 15:30		Clase (1 h)	Clase (1 h)	Clase (1 h)	Clase (1 h)	Clase (1 h)		
15:30 - 16:00		Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso		
16:00 - 17:00		Clase (1 h)	Clase (1 h)	Clase (1 h)	Clase (1 h)	Clase (1 h)		
17:00 - 17:30		Chegada alumnado	Mapa	Tirada de ovo (Eggdrop)	Concurso de talentos (talent show)	Concurso de talentos (talent show)		Graduación
17:30 - 18:00			Merenda	Merenda	Merenda	Merenda		Merenda
18:00 - 20:00	Recollida alumnado; cuartos e grupos provisionais	Concerto música clásica	Taller arte museo	Cine	Taller música gaita	Orchestra sinfónica Galicia		
20:00 - 21:00	Probas de nivel e asignación de grupos	Duchas	Duchas	Duchas	Duchas	Duchas		
21:00 - 22:00	Cea	Cea	Cea	Cea	Cea	Cea		
22:00 - 23:30	ROMPER O XEO (ICE BREAKERS)	CONCURSO DE PREGUNTAS (QUIZ-SHOW)	CLUEDO	NOITE DE TERROR (HORROR NIGHT)	CONCURSO DE TALENTOS (TALENT SHOW)	DISCOTECA		
23:30 - 00:00	Deitarse	Deitarse	Deitarse	Deitarse	Deitarse	Deitarse		

*Este é un horario tipo dunha semana no curso residencial no que se pode atopar a distribución das actividades durante todo o día. Ese horario pode estar suxeito a modificacións por motivos técnicos. Durante a mañá, os nenos e nenas ergueranse, almorzarán, asearanse e comezarán coas clases de inglés, que serán atractivas e interactivas co fin de axudar a facer a aprendizaxe máis amena e divertida.

Despois de xantar, Os alumnos e as alumnas terán a segunda etapa das clases, que se dividen en tres módulos: gramática e método, vocabulario e phrasal verbs e falar en público. A tarde dividirase en actividades culturais como concertos, películas, conferencias, etc. e talleres dirixidos na súa maior parte á preparación das veladas nocturnas. As actividades culturais que se presentan no horario tipo teñen un carácter orientativo e pódense modificar de acordo coa dispoñibilidade e o momento.

O día remata cunha velada de carácter lúdico e social, xa que son as únicas actividades das que case todo o grupo participará conxuntamente.

ino non reglado e que non conduce á obtención dun título oficial. Os profesores de Vaughan están cualificados profesionalmente para desenvolver a súa labor docente e formados na metodoloxía desenvolvida e aplicada por Vaughan.




▪ 4.) ROUPA RECOMENDADA

→ **Toda a roupa, calzado e accesorios teñen que ir marcados co nome e os dous apelidos.**

- 7 camisetas, 4 pantalóns longos.
- 3 suadoiros ou xerseis de manga longa.
- 3 chándales completos ou roupa de deporte.
- 1 par de sandalias de ducha.
- 7 mudas de roupa interior, calcetíns deportivos (7 pares) e 1 pixama.
- **Calzado deportivo con sola de goma, botas con sola de goma ou zapatos cómodos para andar con sola de goma e zapatillas para o interior.**
- 1 prenda de abrigo e un chubasqueiro ou similar.
- Bolsa de aseo completa.
- 1 paraugas.
- Non é necesario traer cartos, xa que non se sae das instalacións e dentro non hai ningún lugar onde podelos gastar. Calquera necesidade que poida xurdir por cuestións médicas ou doutra índole será cuberta en primeira instancia por Vaughan Intensivos Residenciales, S.L.
- **Artigos que os alumnos e as alumnas participantes non pode traer:** obxectos de valor, reprodutores de música, xogos ou outros aparellos electrónicos, xoias. Cámaras fotográficas: recoméndase levar cámaras desbotables.

Non nos responsabilizamos da perda ou deterioración de artigos pertencentes ao alumnado.

5.) INSTALACIONES

INSTALACIONES	
Complejo	
Cuartos	
Comedor	
Aseos	

- Antiga aldea Os Peares, pertencente a Gas Natural Fenosa composta de varios edificios independentes: aulario, dormitorios, comedor e cocinas, zona recreativa, etc.
- O aulario é un edificio independente con máis de 20 aulas e salas multiusos.
- Situado nun contorno privilexiado nun medio absolutamente natural, facilita que o programa se desenvolva nun ambiente de concentración e tranquilidade.

Enseño non reglado e que non conduce á obtención dun título oficial. Os profesores de Vaughan están cualificados profesionalmente para desenvolver a súa labor docente e formados na metodoloxía desenvolvida e aplicada por Vaughan.

6.) HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA

Para a mellor organización do curso, na seguinte táboa pódense atopar os horarios de entrada e saída das instalacións.

En caso de que calquera alumno ou alumna deba saír das instalacións durante o transcurso do curso, deberán indicar o día e a hora de saída, así como o día e a hora de entrada de novo ao curso. Esta indicación deberana realizar na folla de incidencias que poderán atopar na ficha de inscrición facilitada e que deberá estar asinada polo representante legal do alumno.

Hora de Entrada	Hora de Saída
<p>Cada centro educativo recibirá unha convocatoria personalizada cunha hora específica para entrar nas instalacións. Esa convocatoria virá acompañada das instrucións de entrada</p> <p>Pregamos puntualidade á hora da entrada.</p>	<p>Cada centro educativo recibirá unha convocatoria personalizada cunha hora específica para saír das instalacións. Esa convocatoria virá acompañada das instrucións de saída.</p> <p>Pregamos puntualidade á hora da entrada</p>

*****Saídas e entradas no curso residencial fóra dos horarios establecidos:** aqueles alumnos ou alumnas que, por motivos alleos á organización do curso, teña que chegar máis tarde da hora á que foi convocado o día 24 de novembro, ou que teña que ser recollido/a nun horario diferente de aquel ao que foi convocado o día 30 de novembro, **deberá comunicalo no formulario enviado, na folla de incidencias, co día e a hora exactos nos que se presentarán nas instalacións.**

No caso de que, por algún motivo, o alumno ou alumna se deba ausentar do curso unha vez iniciado este e durante algún tempo, deberá comunicalo no formulario anteriormente indicado. Así mesmo, o día de recollida do alumno ou alumna o representante legal deberá identificarse co seu DNI e asinar unha autorización de saída na que se fai responsable do menor durante o tempo que estea fóra do curso.

A hora máxima á que poderán chegar os alumnos e alumnas o día 24 de novembro é ás 21:00. Pasada esta hora deberán traer aos nenos ao día seguinte, debendo comunicárnolo previamente.

Se o alumno ou alumna se ausentou durante un período de tempo e á volta quere participar no almuerzo deberá estar antes das 09:00 h, se quere participar no xantar deberá estar antes das 14:00 h e se quere participar na cea deberá chegar antes das 21:00 h, sempre con previo aviso e sendo puntual.

Enseño non reglado e que non conduce á obtención dun título oficial. Os profesores de Vaughan están cualificados profesionalmente para desenvolver a súa labor docente e formados na metodoloxía desenvolvida e aplicada por Vaughan.

7.) INFORMACIÓN ADICIONAL

COCIÑA: no centro contarase cun servizo de cociña que se encargará da alimentación dos nenos e que será o responsable de elaborar o menú que lles detallamos no punto 2. O servizo dispón de menús especiais para atender as necesidades de nenos e nenas diabéticos, celíacos, vexetarianos, etc.

A empresa encargada do cátering do campamento será ANTONIO GALLEGO CID S.A, empresa galega que conta cunha ampla experiencia en servizos de cátering dende 1981.

CUARTOS: os alumnos e alumnas durmirán en cuartos dobres con baño privado. Os cuartos estarán distribuídos por sexo.

LIMPEZA: todos os alumnos e alumnas serán responsable de manter as súas cousas e o cuarto limpo e ordenado, fará a súa cama a diario e terán os armarios persoais ordenados

O persoal de limpeza do centro encargárase de facer a limpeza xeral dos cuartos e zonas comúns. Entregaráselles aos nenos e nenas unha toalla de ducha e de mans e faráselles un cambio de toalla á semana.

LAVANDERÍA: Non haberá servizo de lavandería durante a estancia dos nenos no curso.

TELÉFONO: os nenos e nenas que o desexen, poden levar o seo teléfono móbil, pero será recollido polos monitores e monitoras e unicamente terán acceso a el no horario establecido pola dirección do programa. As horas e días indicados máis abaixo serán estritamente observados. O móbil deberá estar marcado co nome e apelidos do alumno ou alumna, o número de teléfono e o PIN en caso de que así o queiran. (A maioría dos alumnos e alumnas non lembran o seu PIN á hora de acender o móbil, polo que é recomendable.)

Nota: por favor, non esquezan incluír o cargador do móbil.

Os nenos que leven móbil poderán chamar ou recibir chamadas:

- o mércores, 27 de novembro de 2013.

As horas de chamada son:

Os nenos e nenas sen teléfono móbil propio poderán utilizar os dos monitores e monitoras do curso por quendas entre as 16:00 e as 18:00 h e de 20:00 a 21:00 h. (Deben ter en conta que serán varios nenos e nenas os que utilizarán este teléfono, polo que se recomenda que a duración da chamada non supere os 3 minutos para que todos o poidan utilizar.)

Os alumnos e alumnas con teléfono móbil propio terá o mesmo horario, pero sempre serán eles os que chamen para evitar a interrupción continua das actividades. Deste xeito serán os monitores ou monitoras os poidan organizar os seus tempos de chamadas.

Enseño non reglado e que non conduce á obtención dun título oficial. Os profesores de Vaughan están cualificados profesionalmente para desenvolver a súa labor docente e formados na metodoloxía desenvolvida e aplicada por Vaughan.

Será os alumnos e alumnas os que se poñan en contacto coas familias e non ao contrario para evitar que se bloqueen as liñas telefónicas. O proceso de chamadas realizarase durante o período establecido anteriormente, polo que os seus fillos e as súas fillas poderán chamar en calquera momento. Por favor, pregámoslles sexan pacientes.

En caso de ter algunha dúbida sobre o curso ou sobre o estado dos seus fillos e fillas, pregámoslles que se poñan en contacto coa oficina de Vaughan por teléfono ou correo electrónico. Dende alí encargámonos de comunicarnos directamente cos monitores e as monitoras do curso e de darlles unha solución ás súas dúbidas.

- Teléfono de contacto da oficina: 91 748 5950 cun horario de atención ao público de luns a venres de 09:00 a 20:00 o ou ben no 91 700 11 99 de luns a venres de 09:00 a 20:30.
- Correo electrónico residencialgalicia@grupovaughan.com

Só en caso de urxencia pode contactar co coordinador, que estarán á súa disposición para resolver calquera situación que se poida presentar

- Alberto Hernández : 607668327

VISITAS DE PAIS E NAIS: os pais e nais non deben entrar nas instalacións nin visitar alumnos ou alumnas durante o desenvolvemento do curso, salvo en caso de aviso previo na folla de incidencias do formulario de inscrición.

WEB: para este curso, creamos un sitio web específico (<http://residencialgalicia.grupovaughan.com/>) no que poderán estar ao tanto do desenvolvemento do curso a través das novas que irán incluíndo os monitores e monitoras, que irán contando as actividades e curiosidades que vaian ocorrendo cada día. Ademais, poderanse comunicar a través do blog que dirixirá o líder do curso e que lles permitirá transmitir calquera tipo de mensaxe aos seus fillos e fillas ou facer preguntas ou comentarios aos monitores e monitoras. Animámoslos a utilizar esta forma de comunicación, xa que así non se bloquearán as liñas de teléfono a diario. Por outra parte, a través do sitio web contarán tamén cunha galería de imaxes diaria na que poderán ver os seus fillos e fillas participando nas diferentes actividades. **O sitio web do curso en cuestión pechará 3 días despois da volta do curso. Durante a estancia no curso e ata dous días despois, poderán baixar as fotos e vídeos dos participantes.**

O día da saída do curso recibirán un correo no que se lles facilitará o enlace, o usuario e o contrasinal para que poidan acceder a este servizo.

En caso de ter calquera dúbida con respecto ao acceso ao sitio web, non dubiden en contactar con nós no correo electrónico: residencialgalicia@grupovaughan.com

REGRAS PARA A UTILIZACIÓN DO SITIO WEB:

Como ocorre coa maioría dos blogs, VAUGHAN INTENSIVOS RESIDENCIALES S.L. establece as seguintes regras para todos aqueles que queiran participar neste foro. Teña en conta que calquera mensaxe que non se adapte a estas regras non será publicada e se contactará directamente co seu autor ou autora en privado. **Este foro non permite mensaxes privadas**, polo que este tipo de comunicacións se terán que realizar por correo electrónico.

1. Todos os posts son propiedade do autor ou a autora. Os comentarios e opinións son do usuario ou da usuaria e non necesariamente reflicten os puntos de vista ou crenzas deste sitio e do seu administrador ou administradora. Este foro, o seu administrador ou administradora e as persoas moderadoras teñen o dereito a solicitar o cambio ou eliminación de calquera post ofensivo. Os posts poden ser eliminados por calquera razón que o administrador ou administradora e os moderadores e moderadoras consideren razoable.

2. Non se permitirá linguaxe ofensiva.

3. Cada usuario o da usuaria ten dereito a ter unha única conta. Non se permitirán a suplantación de terceiros nin a copia de nomes mediante pequenas variacións. En primeira instancia, haberá unha amoestación pública e, nunha segunda instancia, o usuario será vetado.

4. Non haberá posts ofensivos dirixidos a degradar ou magoar a outro membro ou convidado deste foro e/ou aos seus administradores ou administradoras.

5. Non se permite repetir mensaxes.

7. Está prohibida a publicidade ou ofrecemento de calquera produto ou servizo co propósito de obter ganancias comerciais sen o consentimento do administrador ou administradora

8. O abuso de mensaxes coa finalidade de aumentar o seu número está penado.

9. As queixas sobre estas regras ou calquera acción tomada polo administrador ou administradora serán debatidas contactando co administrador ou administradora directamente mediante correo electrónico privado. Non haberá discusión pública das medidas. Calquera post con este tipo de información poderá ser eliminado inmediatamente.

MATERIAL: os alumnos e alumnas deberá levar bolígrafos, lapis e un caderno para tomar nota nas clases. Todos os alumnos e alumnas disporá dun libro de texto que se lle proporcionará unha vez estea no campamento e que seguirá durante todo o curso.

SERVIZOS MÉDICOS: o coordinador do curso e os monitores e monitoras encargaranse de vixiar de cerca o estado físico dos alumnos e as alumnas e de administrar os medicamentos que os proxenitores indiquen. En caso de urxencia, calquera alumno ou alumna será levado ao hospital máis próximo, que está a uns 15 minutos das instalacións.

Ensino non reglado e que non conduce á obtención dun título oficial. Os profesores de Vaughan están cualificados profesionalmente para desenvolver a súa labor docente e formados na metodoloxía desenvolvida e aplicada por Vaughan.

SERVIZOS MÉDICOS PRÓXIMOS:

CENTRO DE SAÚDE OS PEARES, PEROXA (A)

Casdavil, s/n - OS PEARES –

32440 Peroxa

Ourense

Horario de mañá.

- **CENTRO MÉDICO EL CARMEN**
Avda. Habana, 50-52
32003- Ourense
- **COOPERATIVA SANITARIA DE GALICIA**
Calle Antonio Sáenz Diez, 11
32003- Ourense

*** Para casos de enfermidade, os alumnos e alumnas serán trasladados ao hospital público máis próximo de Ourense.

MEDICAMENTOS: É imprescindible indicar previamente, no formulario que lles enviamos, os datos médicos dos alumnos e alumnas participantes. En caso de que os nenos ou nenas utilicen medicación habitual, deberán levala ao curso residencial gardada nunha bolsa e marcada co seu nome e apelidos e a súa frecuencia de uso. Unha vez chegados ao curso, as persoas monitores e monitoras recollerán a medicación, gardarana e serán as encargados de ir subministrándolla diariamente.

En caso de que o alumno ou alumna necesite levar consigo a medicación en todo momento (caso común dos alumnos e alumnas que teñen asma e necesitan o inhalador), os nenos manterán con eles a medicación e o monitor ou monitora ocuparase do seu benestar.

DIETAS ESPECIAIS: No caso de que algún alumno ou alumna necesite unha dieta especial ou teña alerxias, intolerancias, etc. a algún alimento, será necesario comunicalo previamente no formulario de inscrición. Antes do inicio do curso enviaremos unha lista daqueles alumnos e alumnas que requiran unha dieta especial ou que non poidan consumir algún alimento ao cátering, que se encargará de ter a suficiente oferta de alimentos para eles.

EXCURSIÓN: os alumnos e alumnas participantes realizarán unha excursión un día de luns a venres pola mañá á central hidroeléctrica, que está na propia aldea dos Peares.

CARTOS RECOMENDADOS: Non é necesario traer cartos, xa que non se sae das instalacións e dentro non hai ningún lugar onde podelos gastar. Calquera necesidade que poida xurdir por cuestións médicas ou doutra índole será cuberta en primeira instancia por Vaughan Intensivos Residenciales, S.L.

Ensino non reglado e que non conduce á obtención dun título oficial. Os profesores de Vaughan están cualificados profesionalmente para desenvolver a súa labor docente e formados na metodoloxía desenvolvida e aplicada por Vaughan.

TARXETA SANITARIA: é moi importante que os alumnos e as alumnas leven a fotocopia da tarxeta sanitaria con eles e, en caso de telo, fotocopia da tarxeta do seguro privado ao que pertenzan. A fotocopia deberá ser entregada xunto co formulario de inscrición, a fotocopia do DNI e/ou unha foto tipo carné, o día de entrada no curso residencial.

8.) SEGURO

Todos os participantes e as participantes están cubertos por un seguro de accidentes e responsabilidade civil.

O número de póliza é o seguinte: G-L6-011.000.040